

9 Mayo de 2016 - Revista 1072

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 12

BOLSAS E AXUDAS / 13

PREMIOS E CONCURSOS / 20

NOVAS DE EMPREGO / 23

EN PORTADA

O Diario Oficial de Galicia publica a convocatoria de axudas destinada ás entidades locais para a promoción da información xuvenil e a realización de proxectos de xuventude

Martes, 03 Maio 2016 16:06

- A Consellería de Política Social destina preto de 600.000 euros a esta liña de subvencións da que se poderán beneficiar concellos e mancomunidades de Galicia
- A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, informou desta publicación durante a súa participación nunha xornada informativa sobre os programas de Galeuropa e Deseñando o teu futuro en Vila de Cruces

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez, participou hoxe nunha xornada informativa sobre os programas de **Galeuropa** e **Deseñando o teu futuro** organizadas polo departamento de **Xuventude** do concello de Vila de Cruces. Cecilia Vázquez aproveitou o encontro para anunciar a publicación hoxe no Diario Oficial de Galicia da convocatoria de axudas destinada ás entidades locais para a promoción da información xuvenil e á realización de proxectos dirixidos á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación.

A esta liña de subvencións, para as que a Consellería de Política Social destina 592.754 euros, van dirixidas a concellos e a mancomunidades de Galicia, así como tamén aos municipios que, pertencendo a unha mesma zona, acorden desenvolver programas conxuntos de actuación sen constituír unha mancomunidade.

A orde sinala que as solicitudes individuais de concellos contarán cun importe máximo de 3.000 euros; mentres que si son dous os municipios, a axuda será de 8.000 euros; e, se son tres ou máis, a subvención chegará aos 15.000 euros. Deste xeito, preténdese incentivar os proxectos conxuntos co obxectivo de favorecer a presentación de proxectos máis ambiciosos e de maior calidade.

Os beneficiarios das subvencións deberán participar no financiamento cun mínimo do 25% do orzamento total. O período subvencionable abarcará dende o **1 de xaneiro** ata o **15 de outubro de 2016**. O **prazo** de presentación de solicitudes será **dun mes**, contando a partir de mañá.

Poderán ser obxecto destas axudas os custos derivados do funcionamento normal dun servizo de información xuvenil, así como as actividades de dinamización da información que se levan a cabo. Tamén se subvencionan as actividades formativas e educativas, as relacionadas co espírito creativo e emprendedor da mocidade, os programas de información e asesoramento e, en xeral, os que faciliten a participación xuvenil en actividades de educación non formal e os relacionados co asociacionismo e liderado xuvenil, todos eles destinados á mocidade de idades comprendidas entre os 12 e os 35 anos.

Grazas a esta orde, en 2015 desenvolvéronse un total de 219 proxectos xuvenís, dos que 215 foron solicitudes individuais, unha procedente de fusión municipal e tres de agrupacións de concellos. Entre estes últimos estaba o de Vila de Cruces, que xunto cos de Boqueixón e Vedra, desenvolveron un proxecto conxunto que contou con actividades de formación, de tempo libre e de ocio educativo nos meses de verán.

O Diario Oficial de Galicia publica a orde de subvencións dirixidas a entidades privadas inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia

Mercores, 04 Maio 2016 15:02

- Estas axudas teñen un orzamento conxunto de 145.245 euros e permitirán subvencionar programas e actuacións nas áreas de sensibilización, que inclúe xornadas, campañas e estudos, formación e coordinación para fomentar o traballo en rede das entidades
- A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, lembrou esta información durante a visita que realizou hoxe ás dúas voluntarias procedentes de Bélxica e Romanía que participan nun proxecto de nove meses de duración do Servizo Voluntario Europeo na Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)



O **Diario Oficial de Galicia** publica hoxe a nova orde de subvencións dirixidas a entidades privadas inscritas no **Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia** para o fomento e realización de actividades de voluntariado durante 2016. Estas axudas, que se outorgarán en réxime de concorrencia competitiva, teñen un orzamento conxunto de 145.245 euros e permitirán subvencionar programas e actuacións nas áreas de sensibilización, que inclúe xornadas, campañas e estudos, formación e coordinación para fomentar o traballo en rede das entidades.

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, lembrou hoxe esta información durante a súa visita ás dúas voluntarias procedentes de Bélxica e Romanía que participan nun proxecto de nove meses de duración do **Servizo Voluntario Europeo** na **Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)** en Santiago. No acto, Cecilia Vázquez destacou que esta nova orde, xunto coa do **Servizo de Voluntariado Xuvenil**, supoñen un investimento de máis de 500.000 euros no soporte das actividades das entidades de acción voluntaria, un 5% máis que en 2016.

Os conceptos subvencionables dos proxectos de voluntariado que se acollan a esta orde, serán os gastos correntes das actividades dos proxectos, a contratación de persoal técnico, a adquisición de material funxible, os servizos de comunicacións e os seguros de responsabilidade civil e de accidentes das persoas voluntarias.

A contía máxima de axuda por proxecto será de 4.000 euros e non poderán exceder do 75% do orzamento total. Co fin de que a falta de financiamento non sexa impedimento para levar a cabo os proxectos, a orde tamén contempla a posibilidade de realizar pagamentos anticipados de ata o 80% da axuda. O **prazo** de presentación de solicitudes é **dun mes** e os criterios de valoración serán a coherencia xeral do proxecto, a súa viabilidade e sustentabilidade, a innovación e o emprego da lingua galega.

A directora xeral de Xuventude fai entrega dos diplomas aos 31 finalistas do Programa de educación non formal 'Líderes de Futuro'

Venres, 06 Maio 2016 15:12

- Esta iniciativa estivo estruturada en dúas fases que buscaron o enriquecemento e o desenvolvemento de habilidades directivas, centradas no liderado, a motivación, a comunicación, a xestión de emocións e a organización propia e produtiva dos colaboradores
- Cecilia Vázquez destacou a heteroxeneidade de perfís, xa que "permitiu unha gran retroalimentación de ideas dende puntos de vista moi diferentes, o que incrementou e potenciou as diferentes capacidades de cada un dos participantes"



Os **31 mozos e mozas finalistas** do programa formativo de educación non formal **Líderes de Futuro**, organizado pola Consellería de Política Social, recibiron hoxe os seus diplomas da man da directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez. Os participantes, con idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos, están inscritos no Sistema de Garantía Xuvenil; ou ben son líderes de grupos xuvenís que participaron en proxectos de educación non formal; ou ben teñen emprendido algunha actividade profesional por conta propia no ano 2015.

A directora xeral destacou esta heteroxeneidade de perfís, xa que "permitiu unha gran retroalimentación de ideas dende puntos de vista moi diferentes, o que incrementou e potenciou as diferentes capacidades de cada un dos participantes". Cecilia Vázquez tamén afirmou que "este programa ofreceu a oportunidade de mellorar de xeito individualizado as habilidades para ensaiar e liderar un proxecto que facilite a empregabilidade, a través do desenvolvemento de habilidades persoais e directivas".

Líderes de Futuro estivo estruturado en dúas fases que buscaron o enriquecemento e o desenvolvemento de habilidades directivas, centradas no liderado, a motivación, a comunicación, a xestión de emocións e a organización propia e produtiva dos colaboradores.

A primeira fase abrangueu tres etapas nos meses de febreiro e marzo. A primeira delas, correspondeu ao seminario "**Liderar na xuventude. Motivación para o éxito**", dividido en dúas sesións de catro horas. A segunda abrangueu tres obradoiros: "**Sacar o máximo partido do meu estilo de comunicación**", "**A xestión de emocións con intelixencia**" e "**A organización: sacando o máximo partido dos meus colaboradores e de min mesma/o**".

Durante o desenvolvemento destas etapas, fíxose unha avaliación sistemática e continua de cada participante e en función dos resultados, 25 deles pasaron á segunda fase do programa baseada na mentorización e coaching personalizado. Mediante esta actividade desenvolveron as habilidades adquiridas ao longo das sesións xa realizadas.

Os mentores acompañarán a cada alumno na consecución dos seus obxectivos particulares, axudándolles a planificar os seus pasos e completar o camiño de mellora e crecemento profesional. Este proceso facilitou a aprendizaxe dos participantes e promoveu cambios cognitivos, emocionais e de conduta. Estas sesións de coaching personalizado tiveron lugar no mes de abril e na primeira semana de maio.

José Manuel Rey Varela inaugura as Xornadas Galegas 'Interactuando no tempo libre' no que participan 80 profesionais do eido

Venres, 06 Maio 2016 17:10

- Este encontro busca dar visibilidade ao traballo que desenvolven, así como ser un espazo de reflexión e debate sobre a importancia da educación non formal



O Conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, inaugurou esta tarde as **Xornadas galegas "Interactuando no tempo libre"**, un foro no que participan 80 persoas de distintos perfís relacionados co ámbito do tempo libre como monitores e directores de tempo libre, educadores sociais, técnicos en animación sociocultural ou técnicos de xuventude. O evento desenvólvese no **albergue xuvenil de Gandarío** e nel tamén participou a directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez.

O obxectivo desta xornada é dar visibilidade ao traballo que desenvolven os profesionais que traballan no eido do *tempo libre en Galicia*. Cómpre destacar que un total de 6.915 mozos e mozas conseguiron nos últimos catro anos o título oficial de director ou monitor de actividades de tempo libre homologado pola Xunta de Galicia. Do total de títulos, 6.487 foron de monitor e 428 de director.

Esta titulación oficial é expedida pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, sendo necesaria para exercer como monitor ou director de campamentos, campos de traballo ou actividades realizadas en albergues xuvenís. No total galego, están rexistradas un total de 73 escolas de tempo libre, 42 máis que no hai catro anos. Estas escolas, integradas na *Rede de Escolas de Tempo Libre de Galicia*, imparten as seguintes modalidades de ensino: cursos de primeiro nivel, cuxa titulación se corresponde coa de monitores ou monitoras de actividades de tempo libre e cursos de segundo nivel, cuxa titulación se corresponde coa de director ou directora de actividades de tempo libre e director ou directora de campos de traballo. Así mesmo, poderán impartir calquera outra formación correspondente ao seu ámbito de actuación no eido da xuventude.

Estes centros están agrupados na *Rede de Escolas de Tempo Libre de Galicia* e regulamentados pola *Lei de Xuventude de Galicia*, que as define como centros de formación, perfeccionamento e especialización nas actividades e técnicas orientadas á promoción da axeitada utilización do ocio e do tempo libre. Así mesmo, busca ser un espazo de reflexión e debate acerca da importancia da educación non formal como acción educativa e transformadora no eido do tempo libre. "*Debemos achegar recursos para promover o diálogo, o intercambio de experiencias e a actualización de coñecementos entre os profesionais deste sector, para que nós como administración coñezamos as súas demandas, necesidades e retos para poder colaborar nas iniciativas que vaian xurdindo*", afirmou o conselleiro de Política Social.

Rey Varela asina os convenios para organización dos Campos de Traballo 2016 na provincia da Coruña como 'unha excelente ferramenta de educación non formal para a mocidade'

Luns, 09 Maio 2016 13:57

- Asináronse acordos cos concellos de Betanzos, A Laracha, Rois e Outes
- Ademais, na provincia da Coruña terán lugar outros Campos de traballo xestionados directamente pola Dirección Xeral en Ponteceso, Boqueixón, Curtis, Vedra, Ribeira e Coirós
- Di que os campos de traballo "promoven a participación e implicación da xuventude na sociedade, afondando en materias que do seu interese e abríndolles novos camiños para a súa realización persoal"
- Este ano Galicia conta con 958 prazas para que participen rapaces e rapazas de entre 18 e 30 anos en campos de traballo, das que 370 son de envío a outras comunidades autónomas (120 prazas) e a outros países (250 prazas) e 588 de acollida, nos campos que organiza a nosa comunidade
- Os mozos e mozas galegos poderán escoller entre participar nos campos de traballo que se organizan en Galicia, ou ben ir aos que se celebran noutras comunidades españolas ou en 34 países de Europa, Asia, África e América



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, acompañado pola directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, e polo delegado territorial da Xunta de Galicia, Diego Calvo, asinou na mañá de hoxe os convenios que permitirán a organización dos Campos de traballo 2016 na provincia da Coruña aos que definiu como "unha excelente ferramenta de educación non formal para a mocidade, xa que engloban experiencias de participación, de voluntariado e de mobilidade". Concretamente, a Delegación Territorial da Xunta na Coruña acolleu a firma dos acordos cos concellos de Betanzos, A Laracha, Rois e Outes. Ademais, na provincia da Coruña terán lugar outros Campos de traballo xestionados directamente pola Dirección Xeral en Ponteceso, Boqueixón, Curtis, Vedra, Ribeira e Coirós. O conselleiro agradeceu a presenza dos alcaldes dos concellos coruñeses que "comparten a preocupación conxunta de ofertar actividades para os mozos de entre 18 e 30 anos o que axuda a dinamizar a vida xuvenil dos concellos galegos".

O responsable de Política Social asegurou no seu relatorio que estes campos de traballo "son accións voluntarias, que os mozos e mozas realizan de xeito altruísta e solidario, poñendo o seu gran de area para mellorar a nosa sociedade". Rey Varela destacou tamén que os campos "promoven a participación e implicación da xuventude na sociedade, afondando en materias que do seu interese e abríndolles novos camiños para a súa realización persoal".

Con respecto á mobilidade, o conselleiro dixo que era un dos valores fundamentais promovido por estes campos, xa que "ofrecen aos rapaces e rapazas a oportunidade de tomar parte en campos doutras comunidades axudando ao desenvolvemento de valores de convivencia, tolerancia ou o traballo en equipo".

Catro convenios para catro campos de traballo

Os convenios asinados hoxe permitirán levar a cabo os campos de traballo nos concellos coruñeses de de Betanzos, A Laracha, Rois e Outes. Todos estes campos son de carácter internacional, para mozos e mozas de entre 18 e 30 anos e cada un conta con 20 prazas, salvo o da Laracha que ten 18.

En Betanzos levarase a cabo un campo de restauración do **15 ao 26 de xullo**. Os voluntarios realizarán unha valoración e diagnose do estado da Fonte das catro estacións dos Xardíns do Pasatempo e redactarán un proxecto de restauración, con limpeza e consolidación preventiva da fonte, limpeza e acondicionamento dos xardíns que a rodean e actividades de difusión e divulgación do proxecto.

En Laracha organizarase un campo medioambiental, etnográfico e patrimonial do 1 ao 15 de agosto na conca dos ríos Badroso e Acheiro. Os traballos medioambientais que se van realizar son a limpeza dun roteiro, a mellora e mantemento de paneis de sinalización, a identificación da flora do roteiro e o adementamento de zonas de lecer. Os traballos etnográficos e patrimoniais serán os de coñecer o funcionamento e as partes dun muíño de río e as costumes e tradicións arredor deste elemento da pre industria.

En Rois realizarase un campos arqueolóxico do **1 ao 12 de agosto**. O *Castro de Socastro* atópase na parroquia de *San Pedro de Herbogo* e está configurado por un recinto principal de planta oval, delimitado por un parapeto de terreo exterior. A intervención arqueolóxica no *castro de Socastro* consistirá principalmente na escavación, prácticas de limpeza, siglado e debuxo arqueolóxico. É a novena edición deste *Campo de Traballo*.

En Outes levarase a cabo o campo medioambiental, etnográfico e patrimonial do **17 ao 28 de xullo**. Os voluntarios realizarán tarefas de limpeza e acondicionamento exterior da Rota do Añón, acondicionamento dun muíño e visualización da ruta natural mediante o emprego de novas tecnoloxías.

24 campos de traballo, 588 prazas en Galicia

Os mozos e mozas galegos poderán escoller entre participar nos campos de traballo que se organizan en Galicia, ou ben ir aos que se celebran noutras comunidades españolas ou en 34 países de Europa, Asia, África e América.

A Consellería de Política Social organiza un total de 24 campos de traballo na comunidade galega nos meses de verán, que ademais dos concellos coruñeses de Outes, A Laracha, Ponteceso, Boqueixón, Rois, Betanzos, Curtis, Vedra, Ribeira e Coirós, celebraranse nos municipios lucenses de Folgado do Courel, Portomarín, Becerreá, Pantón, Quiroga e Xermade, nos concellos ourensáns de Muíños, Celanova, Vilamarín, Ourense e A Peroxa, así como nos municipios da provincia de Pontevedra como as Illas Cíes (4 quendas), Cotobade e Vilanova de Arousa.

Este ano Galicia conta con 958 prazas para que participen rapaces e rapazas de entre 18 e 30 anos en campos de traballo, das que 370 son de envío a outras comunidades autónomas (120 prazas) e a outros países (250 prazas) e 588 de acollida, nos campos que organiza a nosa comunidade. Con estes datos, Galicia é a comunidade española con máis prazas en campos de traballo. O pasado ano, Galicia

organizou o 34% dos campos de traballo internacionais que se celebraron en toda España, segundo o balance remitido polo Injuve ás comunidades autónomas.

Os campos de traballo enmárcanse dentro da **Campaña de Verán 2016** que organiza a *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*. Esta campaña é a máis inclusiva e importante dos últimos anos no que se refire a número de prazas ofertadas. En total, son 9.046 as prazas que se ofrecen, o que significa incrementar nun 6% as prazas dispoñibles no ano pasado.

Ademais destes campos, a campaña de verán inclúe albergues, campamentos e actividades de ocio e tempo libre para a mocidade. A *Consellería de Política Social* destina un orzamento de 2,6 millóns de euros a esta campaña.

Cómpre destacar que, outro dos aspectos positivos da campaña está no impulso ao emprego que leva aparelada. Grazas ao desenvolvemento destas actividades, as empresas de ocio e tempo libre de Galicia darán traballo a máis de 900 monitores/as e directores/as de campamentos.

Os interesados e interesadas nesta campaña, xa poden consultar toda a información relativa á mesma en <http://xuventude.xunta.es>.

EN PORTADA ➔ NOVAS E ACTIVIDADES

Campamentos de surf Artsurfcamp

Martes, 03 Maio 2016 00:00



Artsurfcamp proponche para esta primavera o surfcamp cunha inmersión 100% surf e natureza na **praia de Razo (Carballo)**. Combinaremos as clases prácticas con coñecementos paralelos que che axudarán a iniciarte ou a mellorar no noso deporte preferido. O equipo de **Artsurfcamp** comprométese coa túa estancia, garantíndoche unhas condicións óptimas de aloxamento, manutención e actividades con monitores titulados no albergue xuvenil con Licenza da Xunta de Galicia 15-AX-16.

QUENDA 1

DATAS

- 14-15 de maio

14 de MAIO

- Entrada no campamento ás 10h00

- Check-in. Distribución de habitacións
- Reparto de material
- 11:30 a 13:30 horas clase de surf. Grupos reducidos: 7 alumnos/monitor
- 14:00 xantar libre pola conta do participante
- 15:30 surf vixiado e volei praia
- 19:00 meteoroloxía e predición de ondas
- 21:00 Cea incluída no albergue
- Actividade nocturna

15 de MAIO

- 09:30 Almorzo incluído no albergue
- 10:30 a 12h30 clase de surf. Grupos reducidos: 7 alumnos/monitor
- 13:30 xantar incluído no albergue
- 15:30 surf vixiado
- 18:00 fin das actividades

COTA: Para posuidores do carné xove: 75€. // Tarifa normal: 89€.

QUE INCLUE

- 1 noite de aloxamento en albergue xuvenil Artsurfcamp (licenza da Xunta de Galicia 15-AX-16)
- Cuartos de 4 a 6 prazas (albergue a pé de praia)
- 1 PC (entrada con cea e saída con comida)
- 2 días de aluguer de material (traxe de neopreno e prancha de surf)
- 4 horas de clases de surf
- Monitores titulados pola federación galega de surf
- Surf vixiado por monitores (polas tardes)
- Seguro de accidentes e RC

QUENDA 2

DATAS

- 14-16 de maio

14 de MAIO

- Entrada no campamento ás 10h00
- Check-in. Distribución de habitacións
- Reparto de material

- 11:30 a 13:30 horas clase de surf. Grupos reducidos: 7 alumnos/monitor
- 14:00 xantar libre pola conta do participante
- 15:30 surf vixiado e volei praia
- 19:00 meteoroloxía e predición de ondas
- 21:00 Cea incluída no albergue
- Actividade nocturna

15 de MAIO

- 09:30 Almorzo incluído no albergue
- 10:30 clase de surf. Grupos reducidos: 7 alumnos/monitor
- 15:30 surf vixiado
- 19:00 actividade de tarde
- 21:00 cea

16 de MAIO

- 09:30 Almorzo incluído no albergue
- 10:30 clase de surf. Grupos reducidos: 7 alumnos/monitor
- 13:30 xantar incluído no albergue
- 15:30 surf vixiado
- 18:00 fin das actividades

COTA: Para posuidores do carné xove: 99€. // Tarifa normal: 113€.

QUE INCLUE

- 2 noites de aloxamento en albergue xuvenil Artsurfcamp (licenza da Xunta de Galicia 15-AX-16)
- Cuartos de 4 a 6 prazas (albergue a pé de praia)
- 2 PC (entrada con cea e saída con comida)
- 3 días de aluguer de material (traxe de neopreno e prancha de surf)
- 6 horas de clases de surf
- Monitores titulados pola federación galega de surf
- Surf vixiado por monitores (polas tardes)
- Seguro de accidentes e RC

OBSERVACIÓNS:

- Prazas limitadas

- Para todos os niveis
- Saída garantida (mínimo de 15 prazas)
- Punto de encontro Artsurfcamp (praia de Razo)
- Non inclúe desprazamento ata o campamento

Reservas na seguinte ligazón:

<http://www.artsurfcamp.com/quendas-carne-xove>

Para máis información:

correo-e: alejandro@artsurfcamp.com

Teléfono: 629 203 284 / 638 123 496

Axudas para a promoción da información xuvenil nos Concellos de Galicia

Martes, 03 Maio 2016 06:19



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca axudas ás entidades locais de Galicia, para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude, no ámbito da educación non formal e da participación para o ano 2016.

Entidades locais beneficiarias:

1. Poderán solicitar estas axudas os concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidades de Galicia.
2. Así mesmo, aqueles concellos que pertencen a unha mesma zona sen constituír mancomunidade para estes efectos e acorden desenvolver programas conxuntos de actuación.
3. Ningún concello ou entidade local dos sinalados nos puntos anteriores poderá:
 - a) Presentar a solicitude de subvención se o fixo unha entidade local na cal estean integrados ou da cal dependan.
 - b) Figurar en máis dunha solicitude colectiva.
 - c) Figurar nunha solicitude colectiva e subscribir outra individual.

Finalidade da subvención:

1. Potenciar a información xuvenil a través dos servizos municipais de información xuvenil integrados na Rede galega de información xuvenil.
2. Fomentar as actividades de educación non formal dirixidas á mocidade e a participación xuvenil no ámbito local.

Período subvencionable e contía das axudas:

O período subvencionable abranguerá desde o **1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2016**.

A contía máxima que se concederá será de 3.000 €, que poderá chegar ata 8.000 € para o suposto de agrupación de 2 entidades locais e de 15.000 €, se son 3 ou máis as entidades locais agrupadas.

Serán obxecto de axuda:

- a) Os custos derivados do funcionamento normal dun servizo de información xuvenil, así como as actividades de dinamización da información que se leven a cabo desde este.
- b) As actividades formativas e educativas, as relacionadas co espírito creativo e emprendedor da mocidade, os programas de información e asesoramento e, en xeral, os que faciliten a participación xuvenil en actividades de educación non formal e os relacionados co asociacionismo e liderado xuvenil, todos eles destinados á mocidade de idades comprendidas entre os 12 e os 35 anos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **3 de xuño de 2016**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es/> co procedemento **TR305E**

Máis información no DOG do 3 de maio de 2016.

Curso de Mediación en Conflictos Xuvenís

Martes, 03 Maio 2016 15:27



Curso de Mediación Educativa en Conflictos Xuvenís

Obxectivo: Facilitar o coñecemento e análise dos elementos necesarios para identificar e previr os factores que inflúen na orixe e desenvolvemento dos conflitos xuvenís.

Destinatarios/as: Persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, mocidade de 18 a 30 anos e outras persoas interesadas na temática do curso.

Criterios de selección.

A admisión ao curso virá dada pola orde de presentación das solicitudes de inscrición e coas prioridades que a continuación se especifican:

1º- Persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil e mocidade de 18 a 30 anos.

2º- Resto dos solicitantes.

Número de horas: 25 (4 horas presenciais e 21 a distancia).

Número de prazas: 30.

Contidos:

- O conflito como proceso e oportunidade para o cambio.
- Educar para a convivencia e prevención de conflitos.
- Comprender e analizar as situacións de conflito.
- A mediación educativa como estratexia na abordaxe de conflitos.
- Proxectos de mediación no ámbito educativo.

Modalidade: Semipresencial.

Sesión Presencial: Martes 24 de maio de 10.00 a 14.00 horas.

Centro de impartición: Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil en Santiago de Compostela.

Data de inscrición: Do 4 ao 19 de maio de 2016.

Data prevista de realización: Do 24 de maio ao 28 de xuño de 2016.

Información

Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil

Telefono: 881 997 604 / 881 997 607

Correo electrónico para información xeral: informacion.xuventude@xunta.es

Verán Campus 2016 en Santiago de Compostela

Mercores, 04 Maio 2016 07:47



A **Fundación USC Deportiva** organiza en *Santiago de Compostela* o **Verán CampUSC**; un campamento urbano deportivo dirixido a nenos e nenas de 3 a 13 anos de idade que posibilitará a conciliación entre a vida laboral e familiar durante o período de vacacións escolares.

O **Verán CampUSC 2016** servirá como espazo de iniciación a unha grande cantidade de actividades de ocio e tempo libre, xogos e deportes, atendendo ás idades e desenvolvemento psíquico-físico dos nenos e nenas. Desenvolverase preferentemente no Campus Sur.

O **programa** divídese en cinco quendas entre o **23 de xuño** e o **9 de setembro** (agás agosto). O horario será de 8:45 a 14:45 horas e un número máximo de 100 prazas por quenda.

Quendas:

Do 23 de xuño ao 1 de xullo de 2016.

Do 4 ao 15 de xullo de 2016.

Do 18 ao 22 de xullo de 2016.

Do 26 ao 29 de xullo de 2016.

Do 1 ao 9 de setembro de 2016.

O **prazo** de preinscrición xa está aberto e rematará o mércores **11 de maio**.

Máis información en [http://fundacionuscdeportiva.org/index.php?id=69&tx_ttnews\[tt_news\]=1211&cHash=c061ffe6ef9549652c6684621f534efd](http://fundacionuscdeportiva.org/index.php?id=69&tx_ttnews[tt_news]=1211&cHash=c061ffe6ef9549652c6684621f534efd)

Certame Nacional de Xóvenes Emprendedores 2016

Mercores, 04 Maio 2016 08:35



O **Injuve** convoca o **Certame Nacional de Xóvenes Emprendedores 2016** para apoiar a xóvenes que lideran proxectos innovadores para empresas cunha antidade máxima de 3 anos e mínima dun ano. Os 10 primeiros seleccionados terán unha axuda económica de 25.000 euros., e a idade máxima é de 35 anos.

O **prazo** de presentación de solicitudes será de **20 días hábiles**, contados a partir da publicación no BOE o **30 de abril**.

Máis información: <http://www.injuve.es/empleo/noticia/convocatoria-certamen-nacional-de-jovenes-emprendedores-2016>

RELATORIO: REALIDADE D@S MENORES TRANS* EN GALICIA

Luns, 09 Maio 2016 06:37



9 DE MAIO - ÁS 17:00

PARTICIPARÁN:

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado:

Paula Fernández Rico, traballadora social e sexóloga

Beatriz Blanco, estudante de Traballo Social, Avance de resultados do estudo do TFG "Actitudes dos e das adolescentes cara á transsexualidade"

Asociación de familias de menores trans*:

Cristina Palacios, presidenta da asociación

Hugo Pérez, socio

Asociación Sexus:

Pénelope Alonso, psicóloga e sexóloga

DÍA E HORA: 9 DE MAIO, DE 17 A 19 HORAS

LUGAR: FACULTADE TRABALLO SOCIAL, AULA 3, SAN MARTÍN PINARIO - PRAZA DA INMACULADA 5, 3º SANTIAGO DE COMPOSTELA

IV Mercadillo Solidario Trócame-Roque

Luns, 09 Maio 2016 09:58

Será o **20 de Maio, venres, de 16.30 a 19.30 h. en Área Central de Santiago de Compostela.**



Coma sempre **A RAPAZADA** será a protagonista con postos de venda de artesanía, repostería, troco de xogos, libros, comics, e videoxogos.

Haberá tamén obradoiros, actividades e actuacións musicais.

Máis información: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesantoniofraguas/node/660>

Programa Aventúrate con Galicia

Luns, 09 Maio 2016 11:32



A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado convoca para o ano 2016 o programa de axudas para a participación no programa **Aventúrate con Galicia**, dirixido a mozos e mozas de orixe galega ou descendentes de persoas emigrantes galegas e que residan no exterior.

Requisitos:

- a) Ter a súa residencia habitual fóra de Galicia.
- b) Ter nacido en Galicia ou seren descendente de persoa emigrante galega.
- c) As persoas participantes deberán ter, o 30 de xuño de 2016, unha idade comprendida entre os 14 e os 17 anos.

Lugar de realización:

- 1. Actividades no mar-Gandarío:** convócanse 20 prazas, que se realizarán no Albergue Xuvenil de Gandarío (Bergondo), dependente da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social.
- 2. Actividades de natureza-ambiente e mar:** convócanse 20 prazas que se realizarán no Albergue Xuvenil de Area (Viveiro), dependente da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social.
- 3. Actividades de aventura T:** convócanse 10 prazas que se realizarán no Campamento Xuvenil de Chacotes (Palas de Rei) dependente da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social.

Cada unha das persoas beneficiarias farase cargo da organización e pagamento dos custos da súa viaxe de ida e de volta aos seus lugares de residencia.

A *Secretaría Xeral da Emigración* farase cargo do seguro de estadia en Galicia, así coma do desprazamento das persoas beneficiarias das actividades desde os aeroportos, estacións de tren ou de autobuses de chegada a Galicia ata a instalación que lles sexa asignada. Así mesmo, encargarase dos desprazamentos terrestres desde a instalación asignada ata os aeroportos, estacións de tren ou de autobuses de saída en Galicia de todas as persoas participantes que realicen o retorno ao seu lugar ou país de orixe o día que remate a actividade de campamento.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es/> co procedemento PR930B

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **9 de xuño de 2016**

Máis información no DOG do 9 de maio de 2016 e en

<http://emigracion.xunta.gal/actividade/lina-de-axuda/programa-axudas-participacion-no-programa-aventurate-galicia-no-ano-2016>

Queres estudar ensinanzas superiores de Deseño?

Luns, 09 Maio 2016 11:50



Educación convoca as probas de acceso específicas ás ensinanzas superiores de Deseño para o curso 2016/17.

Acceso a través de proba: para o acceso ás ensinanzas superiores de Deseño requirirase estar en posesión do título de bacharel ou titulación declarada equivalente, ou ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, e superar a proba específica de acceso.

Acceso directo: A porcentaxe de prazas sobre o total das ofertadas en cada especialidade para os aspirantes que estean en posesión dun título de técnico superior en Artes Plásticas e Deseño é do 20 %. O 80 % restante será adxudicado mediante a proba específica.

Inscripción para realizar as probas: A inscrición farase na Secretaría da Escola de Arte e Superior de Deseño de Galicia elixida en primeira ou única opción ata o **7 de xuño**.

A proba específica de acceso ás ensinanzas superiores en Deseño constará de dúas partes:

- **Primeira parte.**

Durante un máximo de tres horas, os aspirantes contestarán por escrito tres cuestións, formuladas por escrito polo tribunal, relacionadas cos seguintes temas:

- a) A historia das artes en xeral.
- b) A historia das artes aplicadas, os oficios artísticos e o deseño en xeral.
- c) O deseño na especialidade que se aspira a cursar.

Nesta parte da proba, o tribunal valorará a extensión e profundidade dos coñecementos, así como a calidade expresiva e expositiva amosada polo aspirante.

• **Segunda parte.**

Durante un máximo de catro horas, os aspirantes realizarán dous exercicios de debuxo:

- **1º exercicio:** debuxo mimético a man alzada, do natural ou a partir da documentación facilitada, dun modelo relacionado coa especialidade que se aspira a cursar, proposto polo tribunal, realizado a lapis de grafito sobre papel tamaño DIN A3.
- **2º exercicio:** debuxo a man alzada, utilizando os sistemas e técnicas de representación máis apropiadas aos estudos que se aspira a cursar, que serán definidos polo tribunal, do modelo do exercicio anterior.

As probas específicas de acceso levaranse a cabo o día 20 de xuño na EASD Pablo Picasso da Coruña:

- 1ª parte:** das 10.00 ás 13.00 horas.
- 2ª parte:** das 16.00 ás 20.00 horas.

O alumnado que obteña praza deberá formalizar a súa matrícula entre os días **6 e 15 de xullo**.

Máis información no DOG do 9 de maio de 2016 e en <http://www.edu.xunta.es/portal/taxonomy/term/209/all>

Queres estudar Conservación e Restauración de Bens Culturais?

Luns, 09 Maio 2016 12:04

A Consellería de Educación convoca **probos de acceso específicos ás ensinanzas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais**.



Acceso a través da proba: os requisitos para optar a proba son estar en posesión do título de bacharel ou titulación declarada equivalente, ou ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, e superar a proba específica de acceso.

Acceso directo: poderán acceder aos estudos superiores en Conservación e Restauración de Bens Culturais, sen realizar a proba específica, os aspirantes que estean en posesión dun título de técnico superior en Artes Plásticas e Deseño. A porcentaxe de prazas sobre o total das ofertadas en cada especialidade para os aspirantes que estean en posesión dun título de técnico superior en Artes Plásticas e Deseño é dun 20 %. O 80 % restante será adxudicado mediante a proba específica.

A **inscrición** farase na secretaría da **Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia** ata o día **13 de xuño**.

As probas específicas de acceso comezarán o día **27 de xuño**.

O alumnado que obteña praza deberá formalizar a súa matrícula entre os días **11 e 15 de xullo**.

Máis información no DOG do 9 de maio de 2016 e en <http://www.edu.xunta.es/portal/taxonomy/term/380/all>


<http://gradoconservacionbbcc.es/>

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Obradoiro de técnica vocal en Vigo

Mercres, 04 Maio 2016 07:44



A **Escola da ACF O Fiadeiro** convoca un obradoiro de técnica vocal impartido por **Xela Conde**.

Ubicación: ACF O Fiadeiro. Vigo

Duración: 4 horas

Data e horarios: Sábado 21 de maio (16h-20h)

Prezo: 37€ (socios 32€)

Data límite de inscricións: 19 de maio

Inscripcións e máis información: ambas vía email ou telefónica.

Vía email engadir nome e contacto telefónico: ofiadeiro@ofiadeiro.com

Teléfonos: 629 585 355 e 986 253 585

Máis información en <http://blogescolaofiadeiro.blogspot.com.es/2016/04/obradoiro-de-tecnica-vocal.html>

Curso Sexualidade en persoas con TEA

Mercores, 04 Maio 2016 08:03



Autismo Galicia convoca un curso de sexualidade en persoas con **TEA**.

Imparte: Agustín Illera

Contidos:

- Desenvolvemento da sexualidade e afectividade nas persoas con TEA
- A xestión das emocións e sentimentos nas persoas con TEA

- Orientacións de apoio na Familia
- Orientacións de apoio aos profesionais
- A sexualidade nos programas educativos na etapa educativa
- Programas de intervención educativa na Adolescencia e Vida Adulta
- Programas de intervención en persoas con alto funcionamento
- Intervención ante dificultades relacionadas coa sexualidade
- Dereitos e sexualidade
- Presentación de casos e vídeos
- Bibliografía

Data: 11 de xuño de 2016

Horario: 10:00 a 14:00 e de 15:30 a 19:30

Lugar: Santiago de Compostela. Centro Abanca Obra Social. Praza de Cervantes s/n

Número de prazas: 100

Coste: 60€

Profesionais e familias entidades asociadas: 10€

Forma de inscrición: Ata o **18 de maio** a través deste formulario. Confirmaráselle a praza por correo e facilitaráselle un número de conta para facer o ingreso. Enviar copia de xustificante de pago a info@autismogalicia.org


